

Cartafof

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Francisco X. Fernández Naval: Unha cita co aire

A voltas coa memoria e coa amizade

Unha cita co aire

Francisco X. Fernández Naval

Galaxia, Vigo, 2005. 204 páxs., 14 

A novela de Fernández Naval que agora comentamos é un percorrido, desde o presente, polos máis de corenta anos de amizade entre dous personaxes que se coñeceron na adolescencia. A memoria de Gabriel vai reconstruíndo a súa relación de amizade con Abelardo, onde non faltan os momentos alegres, pero tamén os marcados pola dor, pois a amizade é ledicia, pero así mesmo supón a tortura, aínda que sexa momentánea, dos ciúmes e desencontros. Ademais, o paso do tempo na novela é un monstro que todo o devora. Só a memoria e a escrita poden, en certo xeito, salvar da desfeita do transcorrer temporal.

- 10:24 04/12/2005

A historia desta amizade de máis de corenta anos énos relatada en terceira persoa, pero desde a perspectiva dun dos amigos, Gabriel. A memoria opera dende unha situación límite: Gabriel, xa xubilado e gravemente enfermo, lembra a súa amizade con Abelardo cando ten que cumprir a encarga de levar as cinsas do vello amigo falecido desde A Coruña a Ourense, para espallalas no Miño, dende unha das pontes ourensás. Ao longo das páxinas da novela asistimos ao nacemento da amizade dos mozos Gabriel e Abelardo na redacción dun xornal ourensán. A relación consolídase no seu fértil período coruñés. Pero nesta amizade hai egoísmos, desencontros, ciúmes cando aparecen outras persoas, mesmo ruptura. No remate, non obstante, sempre prevalece a amizade.

A relación de amizade entre estes dous personaxes desenvólvese, máis ou menos, entre o remate dos cincuenta e o final do século XX. Deste xeito asistimos a corenta anos cruciais no desenvolvemento histórico de Galicia: franquismo, transición democrática, actualidade. O autor, por medio de signos de indicio ou información non elaborada plenamente, ofrécenos o ambiente de cada unha destas etapas. Non hai descrición destes momentos históricos, senón só alusións que disparan a imaxinación do lector, que completa pola súa conta os indicios que nos ofrece o autor. Gabriel é fillo dun traballador da Renfe que tivo que marchar ao exilio e do que nunca volverá saber nada malia as cartas que lle envía á nai, os homosexuais buscan certa liberdade no tardofranquismo viaxando ao Portugal da revolución dos caraveis, os dous amigos acoden a Perpiñán para ver as películas prohibidas polo franquismo, profesionais ambos os dous do xornalismo viven días de ilusión na transición e pensan que ata van cambiar o mundo co seu periodismo comprometido... Como quen non quere a cousa, imos reconstruíndo así os últimos corenta anos do século XX.

O lirismo impregna esta novela onde son de salientar as imaxes e metáforas relacionadas coa memoria e co paso do tempo (as lembranzas son "cínifes do pasado" que non deixan que Gabriel adormeza). Tamén é axeitado o manexo do ritmo sintáctico, coa utilización en moitas ocasións dunha sintaxe lenta que lle acae moi ben á lentitude e parsimonia con que vai aparecendo o pasado na mente de Gabriel. É mágoa que na obra aparezan algúns erros lingüísticos que desloquen ás veces este bo manexo da lingua, como *metereólogo* (páx.37), uso da preposición *a* co complemento directo, lleísmo ("a eles divertíalles aquel xeito de..." ◆páx.72), algúns teísmos/cheísmos ("que non te faltasen mulleres..." -páx. 134- / "¿Que che trae por aquí?" ◆páx. 182-), "pelexo", "secretos" como substantivo (páx. 174)...

Para rematarmos, é necesario salientar que a memoria de Fernández Naval non só opera sobre as persoas, senón tamén sobre a paisaxe galega. A novela é unha crónica implícita, por medio de alusións, de como o medio natural galego foi atacado e ata destruído nestes corenta anos: os naufraxios de petroleiros, a construción de encoros innecesarios, a especulación inmobiliaria nas cidades... Gabriel, cando volve ao Ourense da súa infancia, non o reconece, pois a especulación inmobiliaria acabou cos espazos naturais da súa nenez e adolescencia. Dun xeito pesimista conclúe que, na actualidade, a paisaxe desaparece antes ca a memoria humana e mesmo ca a vida dunha persoa, por breve que esta sexa.

Xa que logo, esta novela de Fernández Naval é unha boa lectura para camiñarmos polos vieiros da memoria, tanto individual como colectiva, polo que cómpre lela, máxime nestes días melancólicos de outono-inverno.

[mércao en Andel](#)